

Espazo de luz

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2009]). “Espazo de luz”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 11 de xaneiro, 20. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/619>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2009). “Espazo de luz”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 11 de xaneiro, 20.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Vicente Araguas



ESPAZO DE LUZ


Xosé Abeal (Ambroa-Irixoa, A Coruña) é poeta, para os anos que leva vividos, de moi escasa obra, “Herba do tempo” (2000) e este “Ave de luz” (Edicións Espiral Maior, A Coruña, 2008). Que un autor de poesía non se prodigue, mesmo que sexa forriche á hora da produción lírica, tampouco quere dicir moito. O importante, como diría Gilbert Beaud, é a rosa. E que esta veña murcha ou pimpante xa será cousa do poeta, e non do tamaño da súa obra.

E dígase, de momento, que a de Abeal, na súa minguada dimensión, ten moito que dicir, e aínda dicirnos, porque desde as verdades universais que proclama, amor, terra, flora e fauna, o seu é pelexar abertamente polo aire poético, plantexado este cunha lingua traballada (e traballadora) e argumentos métricos ben aprendidos.

Tamén, entendo, a partir da formación clásica que Xosé Abeal posúe, quen adica un dos poemas do seu libro a Manuel C. Díaz y Díaz, tan murgardés como a Enseada do Baño, quen viñera a Santiago, curso 68-69, substituír ao mítico Moralejo Laso, e do que tiven a sorte de ser alumno de Latín (Segundo de Comúns, como quen di Xazmíns, e xa choveu desde aquela unha ben considerable). E di unha estrofa deste poema: “Ansío a outra beira deste río,/ inda na banda das fugaces horas/ do tanxible e finito, do imperfecto/ ando á espreita na teima da perenne/ inmensidade do inviolable e virxe”.

“O seu é pelexar abertamente polo aire poético, plantexado este cunha lingua traballada”

E pois entendo que Abeal reservou para o seu mestre unha das mellores mostras do libro eu fago o propio con vostedes para que vexan por onde vai o rumbo deste poeta de elegante dición, poderío conceptual e maneira ampla de ollar o mundo. De ollalo con ollos fondos –e pardos, pero non na gramática, aquí ben académica– nos que a terra ten xeitos namorados, e o amor maneiras telúri-



“Ave de luz”

Xosé Abeal

Espiral Maior / 15 euros

cas. Por iso que no poema que fecha este volume (prologado por Xavier Seoane, con palabra precisa e indagadora), que o seu autor quixo adicar a Saleta e Manuel María, hai todo un compendio e declaración de intencións. Tamén desde unha homenaxe chea de tenrura e sabedoría ao poeta de Outeiro de Rei, outro que deu entendido de que pé ou pola chirlan os melros, tamén de que “No vento arden carros de memoria”.

Razón abondo para que o poeta Xosé Abeal, tan coidadoso sempre no que di e cando, poida e deba continuar. Por iso, cando ao remate do poema espléndido con que se fecha este libro, sinxelo (e elaborado) como un ramallo de rosas frescas, Xosé Abeal, de Ambroa-Irixoa, escribe: “O ceo xa estrelece coma sempre.”, pensamos que o tempo está do seu lado. Máis, aínda máis, cando conclúe: “O río roxe. Eu sigo”. Si.